

# Petróglifos da Portela da Laxe



## Descrición

Estación de gravados rupestres formada por seis grupos. Catro deles foron destruídos no último cuarto do século XX como consecuencia das obras de ampliación da estrada nacional N-541 que une Pontevedra e Ourense.

A rocha principal está a rentes de chan e mide 7,80 m. de longo por 2,80 m. de ancho. Presenta motivos de moi diversa tipoloxía: combinacións circulares, círculos sinxelos, cazoletas, cadrados, esvásticas, soliformes, paletas,...

As outras dúas rochas presentan combinacións circulares e miden 6 m de longo por 1,60 m. de ancho e 2,50 m. Por 1,70 m. respectivamente.

Os outros catro grupos desaparecidos presentaban diversas combinacións circulares, círculos simples, cazoletas e figuras cruciformes.



## Adscrición cultural

Calcolítico

Tipoloxía

Petróglifo

## LOCALIZACIÓN

Parroquia

Viascón

Lugar

A Atalaia

## Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 537635 Y: 4704555

## Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.543560 O

Latitude: 42.490511 N

